

25/09/2009

Indignación dos concellos coa Xunta por eliminar as axudas ás 'low cost'

Os edís de Turismo lembran que os datos do INE e Aena indican que as visitas de estranxeiros si aumentaron, ao contrario do dito polo conselleiro

Os edís de Turismo dos tres concellos galegos con aeroporto amosábanse onte sorprendidos e indignados co anuncio realizado polo conselleiro Roberto Varela no Parlamento, no que aseguraba que pretendían eliminar as axudas ás compañías de baixo custo. Ademais, non comparten os datos ofrecidos sobre o número de turistas estranxeiros, xa que todos concordan en que estas aeroliñas aumentaron a chegada destes visitantes e non os diminuíron, tal e como asegurou o responsable da Xunta.

O concelleiro de Turismo de Santiago, o nacionalista Xosé Manuel Iglesias, expresou onte a súa "preocupación por este tema" e asegurou que "non dar crédito", aos datos ofrecidos por Roberto Varela.

De feito, un estudo realizado polo seu departamento recolle que en 2008 chegaron a Lavacolla máis de 381.00 visitantes estranxeiros a través das low cost que alí operan. Son 5.000 persoas menos que en 2007, pero o concello aclara que o ano pasado todas as terminais sufriron caídas pola crise. Ademais, lembran que en 2005 eran só 56.000 e en 2006, 212.000 pasaxeiros.

Os datos de Aena tamén recollen que a compañía de baixo custe que opera tanto en Alvedro como Peinador –Clickair, agora integrada en Vueling– aumentou en pasaxeiros no ano anterior.

COMISIÓN ESPECIAL DE LAVACOLLA

Por outro lado, Iglesias asegura que o informe da Consellería de Cultura "non di nada" e o que comentou Roberto Varela "non ten nada que ver". Ademais, asegura que non se citan as fontes de onde se saca a información, mentres que os concellos consultan datos de Aena o do Instituto Nacional de Estatística (INE), así como de asociacións do sector turístico como Exceltur. Ante o debate destas semanas, hoxe creárase en Santiago a Comisión especial do aeroporto de Lavacolla.

Así mesmo, no pleno de onte os tres grupos aprobaron unha iniciativa presentada polo BNG para instar á Xunta a manter o modelo de subvencións ás liñas de baixo custe. O portavoz do PP, Gerardo Conde Roa, a pesar de apoiar a iniciativa, acusou o concello de "promocionar" a terminal de Porto. Argumentouno dicindo que o Goberno local deu unha axuda de 25.000 euros á Fundación Vía Galego, que defende a emisión das televisións portuguesas en Galicia, polo que o popular reprocha que se verían os anuncios do Sá Carneiro na comunidade.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura e Turismo esconde o informe que o conselleiro expuso no Parlamento. Dende o departamento de comunicación explican que tan só informarán dos datos concretos que soliciten os xornalistas.

Mentres, a tenencia de alcaldía da Coruña, dirixida polo responsable de Turismo Henrique Tello, critica a "total descoordinación" do Executivo autonómico. Destacan que é "oposto" o que din tres cargos diferentes do Goberno galego que trataron o asunto dos aeroportos: o conselleiro de Turismo, o presidente da Xunta e a secretaria xeral de Turismo, Carmen Pardo.

Na Coruña evitan entrar en valoracións sobre o reparto de fondos entre os aeroportos, xa que "non existe nada" sobre o que opinar pola "descoordinación" existente entre os distintos representantes da Xunta. Segundo a proposta feita polo conselleiro e tendo en conta o número de pasaxeiros, Lavacolla levaría a maior parte das subvencións, o 43% dos cartos, seguido de Peinador, xa que ten un 29% de viaxeiros e Alvedro o 26%.